## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 6 de abril de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica á internacionalización das empresas galegas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 1 de marzo de 2010, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas á internacionalización das empresas galegas, facultando o director xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

*RESOLVO:*

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas.

Segundo.-Convocar, en réxime de concorrencia non competitiva, as seguintes liñas de axuda das bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas:

1. Liña seminarios internacionalización (procedemento IG156).

2. Liña planificación exterior (procedemento IG151).

3. Liña participación en eventos expositivos internacionais celebrados en Galicia (procedemento IG171).

4. Liña participación en eventos expositivos e promocionais internacionais celebrados fóra de Galicia (procedemento IG110).

5. Liña misións comerciais directas (procedemento IG123).

6. Liña misións comerciais inversas (procedemento IG124).

7. Liña misións tecnolóxicas directas e inversas (procedemento IG154).

8. Liña márketing, comunicación, imaxe e marca (procedemento IG172).

9. Liña prospección internacional (procedemento IG173).

10. Liña primeira implantación promocional conxunta no exterior-Plan Primex (procedemento IG158).

Terceiro.-*Prazo de presentación de solicitudes:*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte), e rematará o 30 de xuño de 2010 para as liñas sinaladas cos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do punto segundo anterior, e o 10 de setembro de 2010 para as liñas sinaladas cos números 9 e 10.

No caso de que en virtude das solicitudes presentadas e resoltas favorablemente se esgotase o crédito orzamentario, poderase pechar anticipadamente a convocatoria, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria das liñas anteriores aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e

polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

**Partida orzamentaria: 01.04-E3/10/01**

| Ano | Nº conta: 651700 | Nº conta: 651800 | Nº conta: 651450 | Total |
|---|---|---|---|---|
| 2010 | 5.000.000 € | 1.800.000 € | 450.000 € | 7.250.000 € |
| 2011 | 3.250.000 € | 916.000 € | 229.000 € | 4.395.000 € |
| 2012 | 2.000.000 € | 400.000 € | 100.000 € | 2.500.000 € |
| 2013 | 500.000 € | 80.000 € | 20.000 € | 600.000 € |
| Total | 10.750.000 € | 3.196.000 € | 799.000 € | 14.745.000 € |

Quinto.-O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Sexto.-Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

**Bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) á internacionalización das empresas galegas**

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva.

A aposta do Goberno galego pola internacionalización das nosas empresas é incuestionable, mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais e financiamento ás empresas para a súa entrada neles, aposta que se complementa coa formación e especialización de recursos humanos.

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.

O obxectivo destas bases é facilitar a internacionalización da empresa galega non exportadora ou con escasa internacionalización e apoiar empresas internacionalizadas para que non só non perdan a súa presenza nos mercados exteriores senón que a incrementen, poñendo ao seu alcance liñas de axudas financeiras que apoien a súa presenza exterior, ampliando o número de países receptores das exportacións galegas e a diversificación dos sectores exportadores.

Con esta finalidade ofrécese axuda económica para o desenvolvemento da estratexia de internacionalización das empresas, contribuíndo financeiramente á execución de plans específicos de promoción. Así mesmo, considérase tamén que se deben primar as accións promocionais conxuntas por parte de empresas galegas mediante maiores niveis de apoio en tanto que permiten un uso máis eficiente dos recursos.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrencia competitiva con base no establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, sen necesidade de establecer comparacións entre os proxectos nin unha orde de prelación entre eles.

Estas liñas de axuda compleméntanse coa liña de axudas para a contratación de xestores de exportación e cos servizos do Igape á internacionalización, entre os que cabe destacar o asesoramento e asistencia técnica en orixe e destino, plans país sectoriais, información sobre mercados e oportunidades de negocio, así como os servizos de interpretación telefónica, formación e incorporación laboral de especialistas en comercio exterior, organización de accións promocionais de participación agrupada, rede de empresarios e profesionais de orixe galega, rede empresarial europea, difusión da oferta exportadora galega, seminarios, e calquera outro que solicite o empresariado galego dentro dos medios e recursos dispoñibles do Igape (detállanse no portal www.exportgalicia.com).

Artigo 1º.-*Proxectos obxecto de apoio.*

1.1. Os proxectos obxecto de apoio serán aqueles que promocionen e faciliten o acceso das empresas galegas ao exterior e incentiven a súa internacionalización. O Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido sobre os gastos subvencionables realizados polas empresas ou organismos intermedios que teñan a sede efectiva da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia na execución de actuacións dirixidas á promoción internacional de produtos elaborados, comercializados e/ou servizos prestados, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos nestas bases para cada unha das liñas de axuda.

1.2. As liñas de axuda do Igape serán as seguintes:

1. Liña seminarios internacionalización.

2. Liña planificación exterior.

3. Liña participación en eventos expositivos internacionais celebrados en Galicia.

4. Liña participación en eventos expositivos e promocionais internacionais celebrados fóra de Galicia.

5. Liña misións comerciais directas.

6. Liña misións comerciais inversas.

7. Liña misións tecnolóxicas directas e inversas.

8. Liña márketing, comunicación, imaxe e marca.

9. Liña prospección internacional.

10. Liña primeira implantación promocional conxunta no exterior (Plan Primex).

1.3. Quedan excluídas as axudas á exportación. Debe entenderse por axudas á exportación aquelas directamente asociadas ás cantidades exportadas, ao establecemento e ao funcionamento dunha rede de distribución e aos gastos correntes derivados da actividade exportadora.

1.4. O prazo de execución dos proxectos subvencionables iniciarase o 1 de xaneiro de 2010 e rematará na data establecida na resolución de concesión de axuda dentro dos límites máximos establecidos polos anexos reguladores de cada liña de axuda. No caso de ulteriores convocatorias destas axudas, a resolución de convocatoria da persoa titular da dirección xeral do Igape establecerá os prazos de execución dos proxectos subvencionables.

Enténdese que a acción está finalizada transcorrido o último dia do evento, misión ou data de finalización do proxecto manifestada polo solicitante no cuestionario de solicitude. Neste último caso o Igape pode adiantar a data última de execución do proxecto manifestada polo solicitante atendendo a criterios de eficiencia na execución orzamentaria.

As datas das facturas, medios de pagamento e demais documentos xustificativos da realización do proxecto deberán estar comprendidas no período de liquidación, é dicir, entre a data de inicio do prazo de execución dos proxectos subvencionables e a data de remate do prazo de presentación da solicitude de cobramento establecido no artigo 16 destas bases. Exceptúanse do antes indicado as facturas de viaxes e as emitidas por organizadores de eventos expositivos subvencionables, de acordo co disposto nestas bases, que poden ser de data anterior ao inicio do prazo de execución dos proxectos.

Artigo 2º.-*Procedemento e réxime de aplicación.*

2.1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nas bases tramitaranse e resolveranse por orde de entrada en rexistro do expediente completo, e ata o esgotamento do crédito, do que se fará publicidade no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es. Xustifícase a excepcionalidade por canto neste casos non semella posible a comparación de proxectos entre si pola casuística ampla e heteroxénea que permiten as bases reguladoras e, en consecuencia, a imposibilidade de fixar criterios de valoración comparativos entre as diferentes solicitudes.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007.

2.2. As axudas recollidas nestas bases incardínanse no réxime de axudas *de minimis* establecido no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*. Para as empresas do sector pesqueiro as axudas outorgaranse ao abeiro do Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro (DOUE do 25 de xullo) e para as empresas dedicadas á produción primaria de produtos agrícolas outorgaranse ao abeiro do Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE do 21 de decembro).

Artigo 3º.-*Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas.*

3.1. Estas axudas son compatibles con calquera outra liña de subvencións, sempre que se respecten as intensidades de axuda máxima indicadas nos regulamentos da UE aplicables.

3.2. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

3.3. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este límite será de 100.000 euros para as empresas do sector de transporte por estrada. A axuda total *de minimis* concedida a unha empresa durante calquera período de tres exercicios fiscais

redúcese a 30.000 euros para as empresas do sector pesqueiro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo (DOUE 25 de xullo) e a 7.500 euros para as empresas dedicadas á produción primaria de produtos agrícolas, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro (DOUE do 21 de decembro).

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

4.1. Poderán ser beneficiarios das axudas as persoas e entidades especificadas no anexo I para cada liña de axuda.

4.2. Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Desenvolver nun centro radicado en Galicia calquera actividade económica, incluso a prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos, non excluída no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*. Serán subvencionables as actividades de produción de produtos agrícolas conforme o establecido no Regulamento (CE) 1535/2007, da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas e as actividades do sector pesqueiro, conforme o establecido no Regulamento (CE) 875/2007, da Comisión do 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro.

b) Non poderán ter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

c) Non poderán ter a condición de beneficiario as empresas que estivesen en crise. Para estes efectos, convén ter en conta a definición de empresa en crise que para as grandes empresas figura no punto 2.1 das directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DOUE C 244/2, do 1 de outubro de 2004) e que para as pemes aparece no artigo 1.7º do Regulamento xeral de exención (Regulamento CE 800/2008).

Artigo 5º.-*Gastos non subvencionables.*

5.1. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda. Poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando o solicitante da axuda sexa unha asociación ou entidade sen ánimo de lucro e acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollido ao réxime de exención do IVE.

5.2. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores. Admítese a subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios, sen límite respecto ao importe da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

5.3. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben. Non se exixirá xustificalo se polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou no caso en que se celebrase o contrato con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse en criterios de eficiencia e economía a elección da oferta finalmente seleccionada cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

5.4. Nun mesmo exercicio orzamentario non poderá concederse a un mesmo solicitante, ao abeiro destas bases, unha subvención total por máis de 70.000 euros no caso solicitudes de empresas individuais, 150.000 euros no caso de solicitudes de agrupacións de empresas e 200.000 euros no caso de organismos intermedios. As subvencións obtidas por empresas mediante agrupación delas non computan no límite establecido para solicitudes de empresas individuais.

Para o cómputo destes límites exceptúanse a subvención obtida na liña de primeira implantación promocional conxunta, que ten outros límites específicos, establecidos no anexo I a estas bases, e non computan para efectos dos límites anteriores.

5.5. Para estes efectos, o establecemento dos distintos límites computaranse en todo caso en termos de subvención bruta.

5.6. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Artigo 6º.-*Consentimentos e autorizacións.*

6.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

6.2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade colaboradora do Igape, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

6.3. A presentación da solicitude polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. Non obstante o anterior, están exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social os beneficiarios das subvencións establecidos no artigo 48 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de emisión do certificado telemático, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

6.4. A presentación da solicitude tamén autoriza o órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

7.1. Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar unha solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o que solicita a subvención a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet http://www.tramita.Igape.es.

A instrución e resolución do procedemento basearase nas declaracións contidas no citado cuestionario e, no caso de que se conceda a axuda, serán obxecto de acreditación documental nas fases de tramitación en cada caso oportunas e, en calquera caso, previamente a calquera aboamento da axuda.

7.2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario. O IDE estará composto por 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

7.3. Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

7.4. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo II, nas cales será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

7.5. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE e a documentación anexa no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.6. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido, tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre -Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación, consonte ao citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño).

7.7. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante. As modificacións da solicitude inicial, deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un cuestionario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas aclaracións.

Artigo 8º.-*Órganos competentes.*

A Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención. Correspóndelle ao titular da dirección xeral do Instituto Galego de Promoción Económica ditar a resolución que poña fin ao procedemento na vía administrativa.

Artigo 9º.-*Entidades colaboradoras.*

De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape poderá designar entidades colaboradoras para a xestión da subvención, cumprindo os requisitos do artigo 10 da mencionada lei. As entidades colaboradoras designaranse con base na súa experiencia no eido do comercio internacional e a cooperación exterior. Non se prevé a constitución de garantía por parte das entidades colaboradoras, agás que a colaboración inclúa o aboamento directo das subvencións; neste caso prevese que as entidades previstas no artigo 13.4º da Lei de subvencións no procedemento de selección constituirán garantía polo 1% do orzamento previsto.

Artigo 10º.-*Instrución dos procedementos.*

10.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos da Área de Promoción, Innovación e Información Empresarial do Igape ou das súas entidades colaboradoras, en función dos datos relativos ao solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda e no cuestionario.

10.2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude ou o cuestionario non reúnen algunha das informacións exixidas, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, considerarase que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 7.8º da citada lei resulta que o solicitante non se atopa ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

10.3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

10.4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de denegación, en que se indicarán as causas desta.

10.5. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Artigo 11º.-*Resolución.*

11.1. Unha vez avaliada a solicitude, a proposta de resolución será elevada ao titular da dirección xeral do Igape. O procedemento de concesión resolverase no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución e axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, así como o contido da resolución.

11.2. Na resolución de concesión de axuda, farase constar o importe do concepto subvencionable que hai que xustificar, a contía e porcentaxe da axuda concedida, o prazo máximo para executar o proxecto e o prazo máximo para presentar a xustificación ao Igape. Así mesmo, constará a obriga por parte do beneficiario de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e pola Consellería de Economía e Industria.

11.3. As resolucións de concesión condiciónanse á efectiva presentación da documentación relativa ao beneficiario e ás condicións do proxecto, que será presentada xunto coa solicitude de aboamento da subvención.

11.4. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación. Poderanse denegar solicitudes, entre outras razóns, porque o solicitante non teña suficiente infraestrutura material e persoal en Galicia que xustifique a subvención por parte da Administración galega.

11.5. A resolución de concesión seralle notificada ao beneficiario, quen terá un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación, cubrindo a dilixencia de aceptación.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida.

No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase consonte o artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

11.6. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nas bases reguladoras da axuda e nas demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

11.7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a presentación da solicitude completa no Igape, transcorrido o cal poderase entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición ante o director xeral do Igape no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Notificacións.*

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

14.1. Unha vez ditada a resolución non se admitirán a trámite máis modificacións das súas condicións que as indicadas a continuación, que deberán ser solicitadas dentro do prazo dun mes anterior á data de finalización do prazo de execución do proxecto establecido na resolución inicial:

a) As solicitudes de beneficiarios que sexan organismos intermedios sen ánimo de lucro e que se refiran á modificación do orzamento subvencionable, aínda que implique modificación á alza ou á baixa, ou á modificación no prazo de execución do proxecto, sempre que non exceda a data límite de execución dos proxectos establecida no anexo I a estas bases.

b) As solicitudes de calquera beneficiario das liñas de prospección internacional e primeira implantación promocional conxunta no exterior (liñas 9 e 10 citadas no artigo 1.2) e que se refiran á modificación do orzamento subvencionable, aínda que implique modificación á alza ou á baixa, ou á modificación no prazo de execución do proxecto, sempre que non exceda a data límite de execución dos proxectos establecida no anexo I a estas bases.

14.2. En ningún caso se admitirán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 50% do gasto subvencionable inicialmente aprobado.

14.3. O beneficiario deberá solicitar a modificación tramitando o cuestionario sinalado no artigo 7 e presentando a súa instancia dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior.

14.4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lles dará audiencia aos interesados.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto que fundamenta a concesión das subvencións no prazo establecido na resolución de concesión.

b) Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finali-

dade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, especialmente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entres públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Darlle publicidade ao financiamento polo Igape dos gastos que sexan obxecto de subvención, consistente na inclusión da imaxe institucional do Igape e a Consellería de Economía e Industria, así como lendas relativas ao financiamento público nos *stands*, carteis, placas conmemorativas, materiais impresos que vaian ser obxecto de difusión mais alá do uso exclusivo do solicitante, medios electrónicos audiovisuais, convocatorias e difusión de eventos ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación, sen prexuízo das normas sobre publicidade establecidas na normativa comunitaria que, de ser o caso, sexan de aplicación.

Para dar publicidade do financiamento debe empregarse o escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda Consellería de Economía e Industria e o logotipo do Igape, coa lenda Instituto Galego de Promoción Económica.

Os logotipos poderanse descargar no enderezo da internet http://www.igape.es/IL8.

En caso de campañas de publicidade o solicitante poderá substituír a inserción dos logotipos anteriores nos anuncios pola constancia na web da empresa da existencia da subvención.

No caso de que o evento xa tivera lugar cando se solicitou ou concedeu a axuda ou por non ser posible por outros motivos, o Igape poderá establecer medidas alternativas de publicidade do financiamento.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

16.1. O beneficiario ten un prazo improrrogable dun mes para presentar a solicitude de cobramento da subvención concedida. O dito prazo comezará a contar desde o día seguinte á data límite de execución do proxecto subvencionado, ou se a data de notificación da resolución de concesión fose posterior, desde o día seguinte a esta data.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, todas as accións ou proxectos executados entre as datas seguintes: 5 e 15 de novembro de 2010, terán de prazo para presentar a solicitude de cobramento ata o 7 de decembro de 2010. Do mesmo xeito, nos supostos de accións ou proxectos de carácter plurianual, a solicitude de cobramento correspondente ás anualidades 2011-2012-2013 terá como data límite de presentación o 15 de novembro de cada anualidade. No caso de convocatorias sucesivas destas axudas, estes prazos serán establecidos mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape.

A falta de achegamento da documentación acreditativa das circunstancias do beneficiario establecida no punto 16.6.1 seguinte será motivo do arquivo do expediente de concesión da axuda, logo de requirimento de emenda ao beneficiario.

16.2. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet http://tramita.Igape.es. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente o cuestionario de liquidación. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

16.3. A solicitude de cobramento presentarase mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo III, no cal será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou en que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola

aplicación de axuda) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas.

16.4. O beneficiario presentará a solicitude de cobramento co IDEL no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderá asinar electronicamente o formulario de solicitude de cobramento co IDEL e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, sempre que cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 7.1.6, e que a documentación que se xunte á solicitude de cobramento sexa apta para a súa presentación telemática. Neste último caso, a aplicación de xeración de cuestionarios de liquidación permitirá xuntar estes documentos e remitilos electronicamente.

16.5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase o beneficiario para que a presente ou corrixa os erros ou defectos observados no prazo improrrogable de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

16.6. Xunto á solicitude de cobramento, o beneficiario achegará en orixinal ou copia cotexada:

1. Documentación relativa ás circunstancias do beneficiario:

a) Sociedades mercantís:

-Nota simple informativa referida ao ano 2009, expedida polo rexistro mercantil correspondente.

-Documentación acreditativa do domicilio social e centro de traballo en Galicia.

-Documento público acreditativo do poder con que actúa o seu representante.

b) Autónomos:

-Copia do último resumo anual do imposto sobre o valor engadido (IVE) ou, de ser o caso, copia da declaración do IRPF por módulos.

-Copia do último recibo do imposto sobre actividades económicas (IAE) ou alta no imposto en caso de estar exento do pagamento.

c) Consellos reguladores:

-Documentación acreditativa da representación con que actúa.

-Certificación do acordo do órgano competente para solicitar a subvención, en que conste o compromiso de realizar a actividade pola que se pide a subvención, no caso de obtela.

-Certificación expedida pola Secretaría-Intervención, que declare que a actividade non está exenta do pagamento do IVE e que, polo tanto, non repercute este imposto.

d) Asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro:

-Acreditación da representación con que se actúa.

-Documentación acreditativa da súa constitución: acta e estatutos de constitución, con acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente e modificacións posteriores destes.

-Se é o caso, documentación acreditativa da condición de exención do IVE, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

e) Agrupación de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica:

-Acreditación da representación con que se actúa.

-Documentación acreditativa da súa constitución.

-Documento en que consten os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, indicando a porcentaxe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

-Se é o caso, documentación acreditativa da condición de exención do IVE, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

-Para cada un dos membros da agrupación, a documentación correspondente citada nos puntos anteriores.

2. Conta xustificativa da realización do proxecto:

2.1. Conta xustificativa simplificada: no caso de subvencións de importe igual ou inferior a 12.000 €, o beneficiario poderá acollerse ao sistema de conta xustificativa simplificada establecida no artigo 51 do Decreto 11/2009, que regula a Lei de subvencións de Galicia; están incorporados ao cuestionario de liquidación os datos necesarios para a súa composición, e son os mesmos campos obrigatorios do dito cuestionario. O Igape ou a súa entidade colaboradora poderá requirirlle ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gastos seleccionados con base en técnicas de mostraxe, e para estes efectos o Igape comprobará un mínimo do 10% dos expedientes con axudas aprobadas por importe ata 6.000 €, e un mínimo do 20% dos expedientes con axudas aprobadas por importe superior a 6.000 € e ata 12.000 €.

Por isto, cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, o Igape procederá a requirirlles aos beneficiarios a totalidade dos documentos xustificativos segundo o establecido no punto 2.3 deste artigo.

2.2. No caso de subvencións de importe superior a 12.000 € e igual ou inferior a 150.000 €, o beneficiario poderá presentar a conta xustificativa con entrega de informe de auditor. Ademais dos datos do cuestionario de liquidacións relativos á memoria de actuacións, a memoria xustificativa do custo do proxecto, a relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, o beneficiario terá que achegar informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) sobre a conta xustificativa presentada polo beneficiario, con pronunciamento expreso sobre a existencia e veracidade da documentación xustificativa relacionada no punto 2.3 seguinte, por el revisada. Cando a subvención teña por obxecto unha actividade ou proxecto que se realizará no estranxeiro, entenderase que o auditor debe exercer no país onde deba levarse a cabo a revisión. No caso de non acollerse a este tipo de conta xustificativa, o beneficiario deberá xustificar os gastos de acordo co punto 2.3 seguinte.

2.3. No caso de subvencións de importe superior a 150.000 € o beneficiario estará obrigado a presentar a súa conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto. Ademais dos datos do cuestionario de liquidacións relativos á memoria de actuacións, a memoria xustificativa do custo do proxecto, a relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, o beneficiario terá que achegar a seguinte documentación:

a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade por orde cronolóxica, para cada tipo de gasto, segundo figure na resolución de concesión da axuda.

b) A documentación acreditativa do pagamento das facturas (presentarase xunto con cada documento de gasto por orde cronolóxica, para cada tipo de gasto, segundo figure na resolución de concesión da axuda):

i) Xustificante de transferencia bancaria ou dos documentos mercantís utilizados como medios de pagamento emitidos e con vencemento dentro do período de liquidación, así como o seu cargo en conta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira.

ii) Certificación bancaria orixinal conforme o pagamento foi realizado efectivamente dentro do período de liquidación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Só se admitirán os pagamentos en efectivo para importes inferiores aos 1.000 € por provedor.

iii) No caso dos consellos reguladores admitirase como medio de xustificación do investimento a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento debe realizarse sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibín do provedor.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con copia dalgún destes xustificantes de tipo de cambio a euros:

-Documentos bancarios de cargo en euros en que conste o tipo de cambio empregado.

-Cotización oficial publicada polo Banco de España ou Banco Central Europeo correspondente á data do pagamento da factura.

-Para outros tipos de cambio atenderase a tipos de cambio do mercado de divisas na data do pagamento das facturas.

c) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben. Non se exixirá xustificalo se polas especiais características dos gastos non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou no caso en que se celebrase o contrato con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse en criterios de eficiencia e economía a elección da oferta finalmente seleccionada cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

d) Certificación bancaria da existencia e número de conta do beneficiario en que vaia a ser ingresada a subvención.

e) Copia en formato impreso ou en formato dixital -que permita a súa lectura-, de material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publi-

cidade do financiamento público citada no artigo 15º f) destas bases.

f) Calquera outra documentación que o Igape estime necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento, sinalada na resolución de concesión.

16.7. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, para ser beneficiario da axuda.

16.8. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, se é o caso, das cantidades previamente aboadas.

Artigo 17º.-*Aboamento das axudas.*

17.1. Con carácter xeral, o aboamento das axudas realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización do proxecto e o cumprimento das condicións dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión. Nos casos de presentación da conta xustificativa prevista no punto 2.3 do artigo 16º anterior, a revisión das facturas ou documentos de valor probatorio análogo que, se é o caso, formen parte da conta xustificativa deberán ser obxecto de comprobación nos catro anos seguintes. No caso das liñas de prospección internacional e de primeira implantación promocional conxunta no exterior (liñas 9 e 10), poderanse facer un máximo de tres pagamentos por exercicio, que suporán a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, co límite do 80% da porcentaxe subvencionada e da anualidade prevista no exercicio orzamentario. Neste suposto exímese os/ás beneficiarios/as da obriga de constituír garantías.

17.2. Os órganos competentes do Igape ou as súas entidades colaboradoras poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Previamente á proposta de pagamento, os servizos técnicos do Igape poderán realizar unha inspección de comprobación material na cal certifiquen que se realizou o proxecto.

17.3. No caso de que o beneficiario xustifique gastos por importe inferior ao establecido na resolución de concesión -e sempre e cando o gasto xustificado iguale ou supere o 50% do gasto subvencionable establecido, non desvirtúe o proxecto aprobado, e o beneficiario manifeste a súa conformidade-, o pagamento realizarase -sen necesidade de iniciar procedemento de reintegro-, pola cantidade resultante de aplicar a porcentaxe de subvención aplicable sobre o gasto subvencionable xustificado. A xustificación inferior ao 50% do gasto subvencionable establecido dará lugar ao inicio do expediente de incumprimento total.

Artigo 18º.-*Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas.*

18.1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

18.2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

18.3. Poderase considerar plenamente xustificada a subvención no proceso de comprobación cando o Igape constate que os gastos efectivamente xustificados sexan inferiores á contía do importe subvencionado e esta diferenza dese lugar a unha minoración no importe da subvención ou no importe a reintegrar inferior a 30 € ou á contía que para eses efectos fixe a consellería competente.

Artigo 19º.-*Réxime sancionador.*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Fiscalización e control.*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21º.-*Comprobación de subvencións.*

21.1. O órgano concedente ou as súas entidades colaboradoras comprobarán a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 4 anos desde a súa presentación.

21.2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas

a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo Igape, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

21.3. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderáselle encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

21.4. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22º.-*Publicidade.*

22.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía incluirán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

22.2. De acordo co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarse no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións; non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

Artigo 23º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o su regulamento, no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, no Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro (DOUE do 25 de xullo) e no Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis* ao sector da produción de produtos agrícolas (DOUE do 21 de decembro) e o resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, aplicarase o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## *ANEXO I*

1. Liña seminarios internacionalización (procedemento IG156).

Finalidade da axuda: favorecer a organización en Galicia de foros, xornadas técnicas ou seminarios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas en materia de internacionalización das empresas galegas.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas as asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen a un colectivo de empresas galegas.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas. Será subvencionable a organización en Galicia de foros, xornadas técnicas ou seminarios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas en materia de internacionalización das empresas galegas. O proxecto deberá expoñerse con suficiente detalle para a avaliación da súa oportunidade, vantaxes e interese por parte dos órganos do Igape, podendo denegarse aqueles expedientes que non as acrediten.

Conceptos subvencionables: considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de publicidade.

b) Gastos de elaboración e impresión de documentación e/ou relatorios.

c) Gastos de contratación de relatores.

d) Bolsa de viaxe para cubrir gastos de desprazamento e aloxamento dos relatores que se despracen para o evento desde fóra de Galicia.

Contía e límites de axuda: a subvención acadará sobre os gastos subvencionables as porcentaxes e os límites máximos seguintes:

a) Ámbito do solicitante provincial ou inferior: 45% do gasto subvencionable co límite de 4.000 €.

b) Ámbito do solicitante autonómico: 60% do gasto subvencionable co límite de 6.000 €.

c) No caso de xornadas organizadas conxuntamente por agrupacións de polo menos tres asociacións ou consellos reguladores de denominacións de orixe, a porcentaxe da subvención por evento acadará o 75% do gasto subvencionable, e o límite máximo da axuda establécese en 9.000 € por evento. Neste caso a pesar de que na organización participe máis dun organismo intermedio, o solicitante debe ser só un deles.

Establécense as seguientes cantidades fixas en concepto de bolsa de viaxe para cubrir gastos de desprazamento dos relatores:

-Para viaxes desde resto de España e Portugal: bolsa de 500 € por relator.

-Para viaxes desde resto de Europa: bolsa de 1.000 € por relator.

-Para viaxes desde fóra de Europa: bolsa de 1.500 € por relator.

Condicións da convocatoria: as xornadas serán abertas a todo o ámbito empresarial de Galicia da/s mesma/s actividade/s obxecto do evento, polo que o solicitante se obrga a difundir entre os organismos intermedios homólogos a convocatoria da xornada e a remitir a dita convocatoria ao Igape con antelación suficiente, para a súa difusión por parte do iinstituto. O solicitante poderalles cobrar unha cota de participación no evento aos non asociados para cubrir parte dos gastos incorridos e non subvencionados polo Igape. Así mesmo, o Igape poderá participar na xornada cun relatorio axeitado ao fin que se persegue de internacionalización das empresas galegas.

Poderán denegarse aqueles expedientes que supoñan unha repetición de temática respecto ao contido doutro evento xa subvencionado, ou doutro evento similar organizado por outro organismo en Galicia no mesmo ano.

Subvencionarase unicamente:

-Un evento por solicitante se este -o solicitante-, é de ámbito local.

-Dous eventos por solicitante se este é de ámbito provincial.

-Tres eventos por solicitante se este é de ámbito autonómico.

Para os efectos do establecido no artigo 17º.3 das bases reguladoras -no que concirne á obligatoriedade de executar como mínimo o 50% do importe máximo do gasto subvencionable establecido na resolución de concesión-, nese límite do 50% a xustificar non se terá en conta o importe fixo de subvención aprobado en concepto de bolsas de viaxe.

Para calcular o importe da subvención -tanto na fase de resolución, como na fase de liquidación-, aplicarase a porcentaxe de subvención sobre o importe máximo de gasto subvencionable solicitado/xustificado en función dos límites máximos de axuda correspondentes e a dita cifra sumaránselle os importes das bolsas de viaxe solicitadas/xustificadas, todo isto sen superar os límites máximos de axuda desta liña.

Documentación específica desta liña a entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16º das bases reguladoras, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-Lista de asistentes ao evento, que inclúa polo menos o nome do asistente e da empresa, sector e datos de contacto.

-Copia dos relatorios, publicacións e demais documentación editada para o evento e material de difusión en que se aprecien claramente os logotipos da Xunta de Galicia e do Igape.

-No caso de solicitar bolsa de viaxe, xustificantes da orixe da viaxe mediante orixinal ou copia cotexada de: tarxeta de embarque, billete de tren ou autobús, ou calquera outro medio de xustificación suficiente. Ademais é precisa unha declaración do relator de que a viaxe foi por conta do organizador do evento -o solicitante da axuda-.

-Calquera outra documentación que o Igape estime precisa para a correcta análise da solicitude de cobramento.

2. Liña planificación exterior (procedemento IG151).

Finalidade da axuda: favorecer a planificación ordenada da internacionalización da empresa a través do apoio á elaboración e implementación de plans estratéxicos internacionais a curto e medio prazo, xa sexa co obxecto de: abastecemento de materias primas ou produtos intermedios, lanzamento de produtos ou servizos novos ou xa existentes en novos mercados, ou para estudar as posibilidades de expansión mediante implantación comercial en novos mercados internacionais (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país).

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia domiciliados en Galicia.

c) As asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas.

d) As agrupacións de polo menos catro persoas físicas ou xurídicas -non vinculadas previamente entre si, con domicilio ou algún centro de actividade radicado en Galicia-, que acaden un acordo formal e estable de cooperación no ámbito da internacionalización, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Neste último caso, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 15 de novembro de 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Será subvencionable a contratación de asesoramento, consultoría e asistencia externa de tipo económico, técnico, xurídico, fiscal e/ou metodolóxico para:

a) Apoio en orixe ou destino: traballos para realizaren profesionais con experiencia e habitualidade en materia de internacionalización. Tipo de traballos subvencionables:

-Proxectos de elaboración de plans estratéxicos de internacionalización. No plan estratéxico debe constar como mínimo, a selección de mercados que se propoñen, forma de abordar eses mercados, accións concretas para levar a cabo con: cronograma, orzamento e indicadores de realización e resultados obxectivos, e apoios dispoñibles -axudas e servizos, para as ditas accións dos distintos organismos de apoio á internacionalización.

-Proxectos de implementación de plans estratéxicos ou estudos de internacionalización, ou implementación de recomendacións e propostas de mellora establecidas nun diagnóstico previo do potencial exportador da empresa.

-Proxectos de *benchmarking* en materia de internacionalización -promovidos por asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers -nos cales participen 5 ou máis empresas galegas-, ou promovidos por agrupacións de empresas das citadas na alínea d) de beneficiarios-, de: intercambio de boas prácticas con outras asociacións, organismos ou empresas de Galicia ou do exterior; intercambio de experiencias para a xeración de proxectos de internacionalización cooperativos; participación dun conxunto de empresas nun espazo físico ou virtual común para propiciar a intercomunicación e intercambio de experiencias, necesidades ou *know-how*.

-Proxectos de cooperación cuxa finalidade sexa a análise das posibilidades de cooperación no eido internacional -entre varias empresas galegas entre si ou entre unha ou varias empresas galegas cunha ou varias empresas do exterior-, ben no campo da loxística, política de marca, abastecemento de insumos, transferencia de tecnoloxía, así como en calquera outro ámbito económico ou técnico.

-Proxectos de asistencia técnica para preparación de ofertas para participación en licitacións públicas que se leven a cabo fóra do territorio español, -excluídas as licitacións de organismos multilaterais cuxa asistenza presta a Confederación de Empresarios de Galicia a través do convenio entre esta organización e a Xunta de Galicia-, e/ou asistencia para a elaboración dun anteproxecto ou proxecto técnico para calquera licitación pública internacional.

-Outras accións de natureza e finalidade semellante ás anteriormente citadas, poderán ser subvencionables logo de aprobación do Igape.

b) Estudos e análises de mercados internacionais para realizar en destino: traballos para realizaren profesionais con experiencia e habitualidade en materia de internacionalización, e que directamente ou mediante acordos con terceiros dispoñan de medios personais que fagan esta labor de estudo e análise en destino. Tipo de traballos subvencionables:

Traballos de estudo e análise dirixidos a unha área xeográfica concreta e definida co obxecto de coñecer a viabilidade de estender o negocio á dita área, os procesos necesarios, oportunidades de negocio, os posibles clientes, provedores ou socios, comportamento do consumidor, canle de distribución, embalaxe axeitada, normas técnicas, marxes, prezos, loxística de transporte, lexislación, restricións, tramitacións ou calquera outro condicionante existente para analizar as posibilidades de abastecemento de materias primas ou produtos intermedios, lanzamento de produtos ou servizos novos ou xa existentes en novos mercados, ou para estudar as posibilidades de expansión mediante implantación comercial en novos mercados.

Debe tratarse de traballos de obtención de información personalizada de mercados exteriores de carácter eminentemente práctico e adaptada ás

necesidades específicas do solicitante da axuda cuxo contido exceda a información de difusión xeral (a información sobre mercados exteriores de carácter xeral sectorial ou multisectorial de carácter público e fácil acceso, pode formar parte do traballo que se realice pero non se valorará como traballo subvencionable. Debe tratarse dun traballo de campo en destino realizado *ad hoc* para o solicitante e que supoña un valor engadido que xustifique a subvención, non unha mera recompilación de información pública dispoñible para o solicitante de forma gratuíta sen traballo de campo en destino).

Nas conclusións destes traballos debe constar como mínimo, a forma de abordar o mercado estudado, accións concretas a levar a cabo con cronograma, orzamento, indicadores de realización e resultados previstos, e apoios dispoñibles -axudas e servizos-, para as ditas accións dos distintos organismos de apoio á internacionalización.

c) Asistencia en destino de mercados internacionais: traballos para realizaren profesionais con experiencia e habitualidade en materia de internacionalización, e que directamente ou mediante acordos con terceiros dispoñan de medios persoais en destino que presten estes servizos. Tipo de traballos subvencionables:

-Preparación da axenda de reunións de negocios: tanto para participación en feiras como en misións individuais ou colectivas.

Este tipo de traballo debe incluír como mínimo, unha nota breve do sector, análise das necesidades da empresa galega, selección dunha lista breve daqueles contactos que mellor se adapten ás ditas necesidades importadores, axentes ou distribuidores dun produto e fabricantes locais-, e relación de entrevistas concertadas con información sobre as persoas de contacto e datos relativos ás contrapartes do tipo de: identificación, enderezo, información económica, facturación, número de empregados, actividade, produtos, países e empresas con que traballa, e calquera outra información axeitada á finalidade destes traballos.

Así mesmo, este traballo debe incluír un informe a posteriori de cada unha das entrevistas realizadas onde consten as expectativas de negocio e/ou resultados obtidos.

-Asistencia para lanzamento de produtos ou servizos.

-Asistencia para seguimento de primeiros contactos.

-Asistencia nos inicios da primeira imprantación comercial.

-Outras accións de natureza e finalidade semellante ás anteriormente citadas, poderán ser subvencionables logo de aprobación do Igape.

Cando dun plan estratéxico ou estudo de internacionalización previos ou do plan estratéxico ou estudo obxecto destas axudas derive a conveniencia da súa realización, serán subvencionables as viaxes -desde/a Galicia con destino/orixe fóra de España relacionadas coa acción subvencionable-, de persoal -propio do solicitante da axuda ou das empresas galegas ás que representa-, con posto de traballo en Galicia, ou de representantes das entidades admitidas no caso de misións inversas:

-Ata dúas visitas a feiras ou outros eventos expositivos de carácter internacional que se celebren fóra de España.

-Viaxe para participación como máximo en dous seminarios ou congresos sectoriais internacionais fóra de España. A empresa galega poderá participar, ben como relator ou ben como asistente nos ditos eventos.

-Ata dúas viaxes de prospección de mercados exteriores de Galicia ao estranxeiro, entendendo por tales aquelas cuxo fin é avaliar as posibilidades comerciais de produtos e/ou servizos nun país estranxeiro, as posibilidades de cooperación, as posibilidades de implantación comercial, as actuacións obxecto de intercambio de experiencias ou as posibilidades de acceder a licitacións. Neste caso debe dispoñerse dunha axenda previa de reunións.

-Ata dez visitas inversas de persoas diferentes: viaxes de potenciais clientes, prescritores, representantes de empresas ou organismos obxecto do *benchmarking*, ou posibles socios desde o estranxeiro ata a sede do solicitante. A concesión destas axudas requirirá de xustificación razoada no detalle de actividades que se realizarán.

No caso de que o solicitante dispuxese de plans ou estudos de internacionalización xa realizados, poderá presentar os mesmos para solicitar os apoios anteriores sen necesidade de novos estudos, sempre que o Igape xulgue que cumpren a finalidade.

A realización destes desprazamentos acreditarase mediante copia de: tarxetas de embarque, billete de tren ou autobús, recibos de taxi, recibo da entrada ou participación nun evento, lista de asistentes ao evento emitido polo organizador, axenda de reunións previa, informe de execución e resultados da viaxe e/ou calquera outro medio de proba que considere suficiente o Igape. No caso de visitas inversas debe presentarse, ademais, lista de visitantes que inclúa polo menos o nome e cargo do asistente, datos de contacto, nome da empresa, enderezo, e datos da súa actividade.

Conceptos subvencionables:

-Gastos externos de consultoría e asistencia para levar a cabo os proxectos subvencionables.

-Gastos notariais e rexistrais no caso de formalización de acordos para proxectos de cooperación empresarial internacional e posta en marcha de consorcios ou grupos de exportación ou imprantación.

-Subscrición a servizos de información sobre licitacións públicas internacionais (agás licitacións de

organismos multilaterais), ou sobre mercados internacionais en xeral.

-Asistencia técnica externa na preparación de ofertas para licitacións (agás para licitacións de organismos multilaterais).

-Compra de pregos para proxectos de licitacións internacionais.

-Gastos de interpretación.

-Gastos de tradución.

-Cota ou prezo de entrada para a asistencia ao evento.

-Bolsa de viaxe para cubrir gastos de desprazamento e aloxamento e outros gastos de representación.

Contía e límites de axuda: a subvención acadará os seguinte límites:

Límites por solicitante:

-50% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan empresas individuais cun límite máximo de 20.000 €.

-60% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers cun límite máximo de 50.000 €.

-75% do gasto subvencionable cun límite máximo conxunto de 40.000 €, para proxectos cuxos solicitantes sexan consorcios ou agrupacións de empresas -das citadas na epígrafe do beneficiarios-, formados por, polo menos, catro empresas.

Límites por concepto:

Gastos de viaxe: establécense as seguientes cantidades fixas en concepto de bolsa de viaxe e aloxamento:

-Para viaxes con destino ou orixe Portugal: 500 €.

-Para viaxes con destino ou orixe resto de Europa: 1.000 €.

-Para viaxes con destino ou orixe fóra de Europa: 1.500 €.

Máximo unha bolsa de viaxe por: visita a feira/evento, participación en seminario/congreso, por viaxe de prospección e por visita inversa (neste último caso 1 bolsa de viaxe por empresa ou organismo ou prescritor autónomo visitante).

Condicións da convocatoria:

Non serán subvencionables os proxectos referidos a mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país) onde o solicitante sexa exportador habitual (é dicir, que se dispoña de importador ou carteira de clientes que sexan obxecto de exportación periódica e constante durante os últimos catro anos -incluído o ano da solicitude da axuda-, excepto que se trate do lanzamento de novos produtos ou servizos).

Coa presentación da solicitude de cobramento, o beneficiario cede ao Igape os dereitos de explotación e difusión sobre as conclusións e informacións -de carácter xeral e non privativo do beneficiario-, derivadas dos traballos subvencionados, para o seu emprego no cumprimento dos seus fins públicos e sen ánimo de lucro.

No caso dos proxectos de implementación de diagnósticos, plans estratéxicos ou estudos de internacionalización deberá achegarse no cuestionario de solicitude copia do diagnóstico, plan estratéxico ou estudo que se vaia implementar a non ser que a elaboración do dito plan ou estudo sexa tamén obxecto da solicitude de axuda.

O solicitante debe achegar no cuestionario de solicitude, información que identifique os profesionais que se contratarán para labores de consultoría ou asistencia obxecto desta liña, e que acredite que dispoñen de medios persoais propios ou concertados con terceiros para poder realizar de maneira efectiva os traballos subvencionables (a non acreditación desta capacitación pode implicar a denegación ou perda da subvención).

Polo que se refire aos traballos de consultoría e asistencia, o solicitante debe manifestar no cuestionario de solicitude o obxectivo dos traballos, metodoloxía, actuacións para levar a cabo na fase de estudo, contidos mínimos dos informes, tipo de análises que realizará, recomendacións e indicacións de actuacións post informe esperadas. O Igape avaliará os proxectos presentados, e con base nas propostas poderá solicitar ampliación ou concreción delas ou denegar as propostas se non se consideran axustadas ou suficientes para a finalidade destas axudas.

O tipo de actividade empresarial a que se refiran os proxectos obxecto desta liña debe ser o mesmo que o tipo de actividade empresarial a que se dedica o solicitante.

Así mesmo, poderá denegarse a subvención no caso de que tanto na fase de estudo como na de liquidación o Igape considere que: o custo dos traballos realizados ou por realizar é desproporcionado ou que non se axusta a prezos de mercado, os traballos propostos ou presentados non se axustan á finalidade destas axudas ou ao proxecto aprobado ou que non teñen calidade suficiente para achegar un valor engadido e práctico á empresa proporcional ao custo subvencionado.

Os solicitantes poden solicitar ao Igape a validación previa dos traballos realizados antes do seu pagamento aos profesionais contratados para a súa realización.

Será subvencionable unha única solicitude desta liña por solicitante e convocatoria. No caso de distintas empresas do mesmo grupo empresarial e gama

de productos ou servizos só se admitirá unha solicitude do grupo empresarial.

Nesa única solicitude poderá solicitarse axuda para diversas actuacións das citadas como subvencionables nesta liña, e incluso para actuacións en varios mercados.

No caso de que os traballos obxecto destas axudas sexan obxecto de difusión máis alá do uso exclusivo do solicitante, debe constar nos materiais que se vaian difundir publicidade do financiamento público.

Para os efectos do establecido no artigo 17.3º das bases reguladoras -no que concirne á obrigatoriedade de executar como mínimo o 50% do importe máximo do gasto subvencionable establecido na resolución de concesión-, nese límite do 50% para xustificar non se terá en conta o importe fixo de subvención aprobado en concepto de bolsas de viaxe.

Para calcular o importe da subvención -tanto na fase de resolución, como na fase de liquidación-, aplicarase a porcentaxe de subvención sobre o importe máximo de gasto subvencionable solicitado/xustificado en función dos límites máximos de axuda correspondentes e á dita cifra sumaránselle os importes das bolsas de viaxe solicitadas/xustificadas, todo isto sen superar os límites máximos de axuda desta liña.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16º, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-Copia dos informes realizados en soporte electrónico e en papel diferenciando a parte xeral (que pode publicar o Igape), da parte especifica e privativa do solicitante.

-Copia de axendas de reunións de negocios e dos traballos realizados para: licitacións, cooperación, *benchmarking* e calquera outros traballos relacionados cos proxectos subvencionados.

-Se é o caso, copia do acordo de cooperación formalizado.

-En caso de solicitar bolsa de viaxe, acreditación desta mediante orixinal ou copia cotexada de: tarxetas de embarque, billete de tren ou autobús, recibos de taxi onde conste claramente a orixe e o destino, recibo da entrada ou participación nun evento, lista de asistentes ao evento emitido polo organizador, axenda de reunións previa, informe de execución e resultados da viaxe e/ou calquera outro medio de proba que considere suficiente o Igape. No caso de visitas inversas débese xuntar, ademais, lista de visitantes que inclúa polo menos o nome e cargo do asistente, datos de contacto deste, nome da empresa, enderezo e datos de actividade desta.

-Calquera outra documentación que o Igape estime precisa para a correcta análise da solicitude de cobramento.

3. Liña participación en eventos expositivos internacionais celebrados en Galicia (procedemento IG171).

Finalidade da axuda: incentivar a participación das empresas galegas en eventos expositivos e promocionais internacionais que se celebren en Galicia de tipo comercial ou técnico, coa finalidade de favorecer os seus contactos internacionais.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que produzan en Galicia bens ou servizos e que teñan domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia domiciliados en Galicia.

c) As asociacións empresariais, consellos reguladores de denominación de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas, -é dicir, empresas que teñan domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Será subvencionable a participación en:

-Eventos expositivos internacionais celebrados en Galicia de tipo comercial ou técnico.

-O carácter internacional enténdese cumprido sempre que ao evento subvencionado concorran expositores de máis de dez países do estranxeiro, o cal deberá acreditarse, no momento da xustificación do proxecto, entre outros medios, mediante catálogo de expositores asistentes ao evento ou directorio de expositores publicado na web do evento.

Conceptos subvencionables: considéranse subvencionables os seguintes conceptos inherentes ao proxecto: gastos de aluguer do espazo expositivo (poden incluír servizos básicos directamente vinculados ao aluguer e á participación como expositor e facturados pola organización).

Contía e límites de axuda: 50% do gasto subvencionable. O límite máximo da axuda para esta liña e convocatoria é de 3.000 €.

Condicións da convocatoria: os organizadores e patrocinadores dun evento expositivo non poderán solicitar subvención como participantes no evento que organizan ou patrocinan.

Documentación específica desta liña para entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16º, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-Fotografía do *stand* en que se aprecien claramente os logotipos da Xunta de Galicia e do Igape.

-Catálogo de expositores asistentes ao evento obxecto da subvención, directorio de expositores publicado na web do evento, ou certificación do organizador do evento do caracter internacional do evento e da participación do beneficiario nel como expositor.

-Calquera outra documentación que o Igape estime precisa para a correcta análise da solicitude de cobramento.

4. Liña participación en eventos expositivos e promocionais internacionais celebrados fóra de Galicia (procedemento IG110).

Finalidade da axuda: favorecer a participación en eventos expositivos e promocionais internacionais que se celebren fóra de Galicia de tipo comercial ou técnico.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia con entidade suficiente que xustifique a realización da actividade subvencionable desde ese centro de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia domiciliados en Galicia.

c) As asociacións empresariais, consellos reguladores de denominación de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. é dicir, empresas que teñan domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) As agrupacións de polo menos catro persoas físicas ou xurídicas -non vinculadas previamente entre si, con domicilio ou algún centro de actividade radicado en Galicia-, que acaden un acordo formal e estable de cooperación no ámbito da internacionalización, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Neste último caso, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas. Será subvencionable a participación en:

-Actuacións de promoción tipo seminarios, feiras, desfiles, certames, promoción en punto de venda, xornadas técnicas, *showrooms*, demostracións, exposicións, presentacións de produtos, degustacións, catas e outros eventos expositivos puntuais sectoriais de carácter profesional que se celebren fóra de Galicia.

-Eventos expositivos internacionais celebrados fóra de Galicia de tipo comercial ou técnico. O carácter internacional enténdese cumprido sempre que a este concorran participantes de máis dun país, o cal deberá acreditarse, no momento da xustificación do proxecto, entre outros medios, mediante catálogo de expositores asistentes ao evento, directorio de expositores publicado na web do evento, ou mediante certificado do organizador do evento.

Conceptos subvencionables: considéranse subvencionables os seguintes conceptos inherentes ao proxecto:

-Os gastos de aluguer do espazo expositivo (poden incluír servizos básicos directamente vinculados ao aluguer e á participación como expositor e facturados pola organización). Os metros cadrados alugados acreditaranse mediante mención expresa destes nas facturas por este concepto, ou mediante certificación do organizador.

-Os gastos de aluguer de mobiliario e equipamentos audiovisuais.

-Os gastos de envío e, de ser o caso, de retorno de catálogos, produtos, *stands* e outros materiais necesarios para o proxecto.

-Os gastos de servizo de interpretación no evento.

-Os gastos de servizo de azafatas, modelos e montadores.

-Os gastos de deseño, montaxe e desmontaxe e construción do *stand*.

-Gastos da axencia organizadora en caso de accións promocionais organizadas polo solicitante de cara á prospección de mercados.

-Aluguer e acondicionamento de locais.

-Gastos de estilismo.

-Gastos de fotografía ou vídeo.

-Traballos de gabinetes de comunicación específicos para o evento.

-Bolsa de viaxe para cubrir gastos de desprazamento e aloxamento e outros gastos de representación desde Galicia por persoal da empresa ou organismo con posto de traballo en Galicia. A realización destes desprazamentos acreditarase mediante fotocopia de: tarxetas de embarque, billete de tren ou autobús e/ou, recibos de taxi, onde conste claramente a orixe e destino, e/ou calquera outro medio de proba que sconsidere suficiente o Igape.

Contía e límites de axuda: con carácter xeral, a subvención acadará o 50% do gasto subvencionable cos seguintes límites:

a) Límites por solicitude:

-15.000 € por proxecto subvencionable no caso de participación individual de empresas ou organismos intermedios. No caso de participación agrupada de empresas e/ou organismos empresariais galegos, o límite anterior incrementarase en 4.000 € por participante adicional ata un límite máximo conxunto de 47.000 €.

b) Límites por concepto:

-Gastos de deseño, montaxe e desmontaxe, e construción do *stand*: o importe máximo de subvención por este concepto será de 150 € por metro cadrado de *stand*. A superficie do *stand* acreditarase mediante a factura de aluguer ou mediante certificado do organizador do evento.

-Gastos de viaxe: establécense as seguintes cantidades fixas en concepto de bolsa de viaxe e aloxamento:

*Para viaxes con destino resto de España ou Portugal: 500 €.

*Para viaxes con destino resto de Europa: 1.000 €.

*Para viaxes con destino fóra de Europa: 1.500 €.

Máximo unha bolsa de viaxe por empresa ou organismo intermedio participante.

No caso de participación agrupada, a participación estimada deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do representante da agrupación nomeado no expediente. Por participación enténdese participación efectiva con presenza de persoal representando cada participante.

Prima para mercados emerxentes:

-No caso de participacións agrupadas -promovidas por consorcios, asociacións empresariais, consellos reguladores, clústers e agrupacións de empresas-, en eventos que se celebren en Brasil, Rusia, India, China ou México, a subvención concedida acadará o 80% dos gastos subvencionables e os límites cuantitativos por solicitante da alínea a) anterior multiplicaranse por dous.

-No caso de participacións agrupadas -promovidas por consorcios, asociacións empresariais, consellos reguladores, clústers e agrupacións de empresas-, en eventos que se celebren en Bulgaria, Chipre, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, República de Macedonia, Romanía e Turquía, a subvención concedida acadará o 80% dos gastos subvencionables e os límites cuantitativos por solicitante da letra a) anterior incrementaranse nun cincuenta por cento.

Condicións da convocatoria: os organizadores e patrocinadores dun evento expositivo internacional de tipo comercial ou técnico (do tipo dos citados no último parágrafo da epígrafe de proxectos subvencionables), non poderán solicitar subvención como participantes no evento que organizan ou patrocinan.

Para os efectos do establecido no artigo 17.3º das bases reguladoras, -no que concirne á obrigatoriedade de executar como mínimo o 50% do importe máximo do gasto subvencionable establecido na resolución de concesión-, nese límite do 50% para xustificar non se terá en conta o importe fixo de subvención aprobado en concepto de bolsas de viaxe.

Para calcular o importe da subvención -tanto na fase de resolución como na fase de liquidación- aplicarase a porcentaxe de subvención sobre o importe máximo de gasto subvencionable solicitado/xustificado en función dos límites máximos de axuda correspondentes e á dita cifra sumaránselle os importes das bolsas de viaxe solicitadas/xustificadas, todo isto sen superar os límites máximos de axuda desta liña.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-Fotografía do *stand* en que se aprecien claramente os logotipos da Xunta de Galicia e do Igape. As fotos servirán ao Igape para realizar as actuacións de comprobación oportunas, para verificar o cumprimento da actividade subvencionada e das condicións establecidas para a súa concesión e para verificar a razoabilidade do custo declarado das actuacións realizadas; poderanse denegar facturas cun importe desproporcionado en relación ao servizo prestado e xustificado coas fotos achegadas.

-Catálogo de expositores asistentes ao evento obxecto da subvención, directorio de expositores publicado na web do evento, ou certificación do

organizador do evento do seu caracter internacional e da participación do beneficiario como expositor.

-En caso de solicitar bolsa de viaxe, acreditación desta mediante orixinal ou copia cotexada de tarxetas de embarque, billete de tren ou autobús, e/ou recibos de taxi, onde conste claramente a orixe e destino e/ou calquera outro medio de proba que considere suficiente o Igape.

-Calquera outra documentación que o Igape estime precisa para a correcta análise da solicitude de cobramento.

5. Liña misións comerciais directas (procedemento IG123).

Finalidade da axuda: impulsar a organización e coordinación de misións colectivas de empresas galegas ao estranxeiro para prospeción de novos mercados e contactar con potenciais clientes ou socios.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas as asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas. Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Será subvencionable a organización de misións empresariais que promovan os beneficiarios co obxecto de entrar en contacto directamente con importadores, distribuidores e outras empresas para analizar as posibilidades de cooperación, dar a coñecer produtos ou servizos e, en xeral, avaliar as posibilidades reais de calquera mercado exterior.

Conceptos subvencionables: considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de viaxe e aloxamento: dos representantes de cada empresa e organismo intermedio do tipo dos citados na epígrafe beneficiarios. Só gastos de avión, tren e autobús e gastos de hotel en réxime de aloxamento e almorzo.

b) Os gastos de consultoría externa especializada no mercado obxectivo tanto previa como durante a misión para información do mercado e para a preparación de axendas de reunións de negocios.

c) Os gastos de servizos de interpretación durante a misión.

d) Os gastos de envío e, se é o caso, de retorno de catálogos, produtos e outros materiais precisos para a misión.

e) Os gastos de aluguer do espazo para presentacións, exposicións e/ou encontros empresariais.

No caso de misións a países onde o Igape ten centro de promoción de negocios: Alemaña, China, Estados Unidos, Xapón e Polonia, o servizo de consultoría en destino será prestado polo Igape gratuitamente, excluíndose neste caso os gastos en destino referentes ao punto b).

Contía e límites da axuda: a contía por empresa e organismo/s intermedios participantes na misión será:

a) Misións a Brasil, Rusia, India, China, México: 50% de subvención sobre o gasto subvencionable, cun límite máximo de 7.000 € por participante na misión.

b) Misións aos 12 últimos países adheridos á UE (Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa, Romanía) e os 3 países candidatos oficiais á preadhesión (Croacia, República de Macedonia, Turquía): 50% de subvención sobre o gasto subvencionable, cun límite máximo de 4.000 € por participante na misión.

c) Misións ao resto de países: 40% de subvención sobre os gastos subvencionables co límite de 3.000 € por participante para misións con destino Europa -agás Rusia (citado na alínea a), e países citados na alínea b)-, e 6.000 € por participante para misións a países fóra de Europa agás os citados na alínea a).

O número de participantes para efectos da contía máxima de axuda cóntase pola entidade que viaxa, non polo número de persoas que viaxan.

Condicións da convocatoria:

Nas misións deberán participar como mínimo 10 e como máximo 30 empresas galegas.

A participación subvencionable estimada -solicitante e resto de participantes do tipo dos citados na epígrafe beneficiarios-, deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación subvencionable definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do solicitante da axuda. Por participación enténdese participación efectiva con presenza de persoal representando a cada participante.

Excluiranse da subvención aquelas empresas que non teñan establecida unha axenda de entrevistas con polo menos tres potenciais clientes, o que acreditará, con carácter previo á realización da misión, o representante legal da solicitude de axuda. Esta acreditación farase mediante certificación da relación de empresas e persoas que compoñen a misión e a relación de potenciais clientes contrapartes para cada unha delas, debendo advertir ás empresas que non cumpran a condición que non serán subvencionables polo Igape. A certificación enviarase ao Igape con data anterior á saída da misión.

Excepcionalmente, no caso de que estivese confirmada a participación dun mínimo de 10 empresas galegas e se producisen cancelacións de última hora, o Igape poderá non rescindir a axuda, senón axustala aos participantes efectivos sempre que se xustifiquen suficientemente as ditas cancelacións. Tamén poderán aprobarse excepcionalmente participacións inferiores a 10 empresas no caso de que se trate dunha misión de sectores de menor representatividade en Galicia polo que se refire a número de empresas.

As misións serán abertas a todo o ámbito empresarial de Galicia da/s mesma/s actividade/s obxecto da acción, polo que o solicitante se obriga a difundir entre os organismos intermedios homólogos a convocatoria da misión e a remitir a dita convocatoria ao Igape con antelación suficiente, para a súa difusión por parte do Instituto. O solicitante poderá cobrar unha cota de participación na misión aos non asociados para cubrir parte dos gastos en que se incorreu e non subvencionados polo Igape. O Igape poderá, de consideralo oportuno, participar na misión.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto por participante.

-Copia dos traballos de consultoría sobre o mercado obxectivo así como copia das axendas de reunións de negocios.

-Calquera outra documentación que o Igape considere precisa para a correcta análise da solicitude de cobramento.

6. Liña misións comerciais inversas (procedemento IG124).

Finalidade da axuda: impulsar a organización e coordinación de misións inversas do estranxeiro a Galicia, que favorezan un colectivo de empresas galegas para as dar a coñecer, e para facilitar o contacto con potenciais clientes ou socios.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas as asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Será subvencionable a organización de misións empresariais inversas de calquera país estranxeiro a Galicia, de importadores, distribuidores, medios de comunicación ou outro tipo de prescritores co obxecto de dar a coñecer ao exterior as empresas galegas e as posibilidades dos sectores empresariais galegos e/ou para sondar posibles fórmulas de cooperación entre empresas galegas e do exterior e oportunidades de expansión exterior das empresas galegas.

Conceptos subvencionables: considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

a) Os gastos de viaxe e aloxamento: dos representantes de cada empresa, medio de comunicación ou prescritores estranxeiros participantes na misión. Só gastos de avión, tren e autobús e gastos de hotel en réxime de aloxamento e almorzo.

b) Os gastos de servizos de interpretación na misión.

Contía e límites da axuda: a subvención acadará o 80% do gasto subvencionable, cos seguintes límites cuantitativos: subvención máxima de 3.000 € por empresa/medio de comunicación/prescritor do estranxeiro participantes en misións con orixe europea, e de 4.000 € por empresa/medio de comunicación/prescritor do estranxeiro participantes en misións con orixe fóra de Europa, ata un límite máximo total de 36.000 € de axuda por proxecto.

Condicións da convocatoria:

Nestas misións inversas deberán estar involucradas como mínimo 10 empresas galegas. Poderá aprobarse excepcionalmente a implicación inferior a 10 empresas galegas, no caso de que se trate dunha misión de sectores de menor representatividade en Galicia polo que se refire a número de empresas. O Igape poderá, de consideralo oportuno, participar na misión. Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

A participación do estranxeiro subvencionable calculada -detalle dos participantes previstos-, deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación do estranxeiro subvencionable definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do solicitante da axuda.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto por participante.

-Calquera outra documentación que o Igape considere precisa para a correcta análise da solicitude de cobramento.

7. Liña misións tecnolóxicas directas e inversas (procedemento IG154).

Finalidade da axuda: favorecer proxectos de organización e participación en misións tecnolóxicas

internacionais, coa finalidade de adquirir ou transferir coñecementos científico-técnicos aplicables á actividade das empresas participantes.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas.

b) As agrupacións empresariais innovadoras (AEI), segundo a Orde ITC/2691/2006, do 2 de agosto, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que as define como un conxunto de empresas, centros de formación avanzada e centros de innovación e transferencia do coñecemento que, pertencendo a un mesmo ámbito xeográfico, deciden compartir proxectos comúns de carácter innovador. As AEI deben estar formalmente constituídas, ter personalidade xurídica propia e estar domiciliadas en Galicia.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Serán subvencionables a organización de misións directas e inversas desde Galicia ao estranxeiro ou procedentes do estranxeiro cara a Galicia, co obxecto de adquirir e/ou transferir tecnoloxía e/ou, se é o caso, coñecementos aplicables á actividade das empresas galegas representadas, que deberá expoñerse con suficiente detalle para a súa avaliación como tal misión tecnolóxica por parte dos órganos do Igape.

O carácter tecnóloxico das misións directas entenderase cumprido cando estas teñan como finalidade a visita a centros de investigación, centros de normalización e ensaio, e centros de deseño, ben sexan públicos ou privados.

No caso de misións inversas admitiranse como subvencionables, ademais da visita de representantes dos centros anteriores, a visita de prescritores técnicos, de representantes de medios especializados de opinión e representantes de institucións públicas estranxeiras axeitados á finalidade que se persegue.

O Igape poderá admitir outros casos cuxa finalidade sexa adquirir/transferir coñecementos avanzados aplicables á actividade das empresas participantes.

Denegaranse aquelas solicitudes que non acrediten a devandita condición tecnolóxica dos proxectos.

Conceptos subvencionables:

Considéranse conceptos subvencionables os seguintes:

1. Misions directas:

1.a) Os gastos de viaxe e aloxamento dos representantes da participación subvencionable (entidades do tipo das citadas como beneficiarios, empresas galegas e representantes de institucións académicas e/ou centros tecnolóxicos galegos axeitados á finalidade que se persegue). Só gastos de avión, tren e autobús e gastos de hotel en réxime de aloxamento e almorzo.

1.b) Gastos de honorarios de 500 € por persoa e día de duración da misión, dun máximo de dúas persoas con formación e experiencia científica ou técnica de institucións académicas e/ou centros tecnolóxicos galegos.

1.c) Os gastos de servizos de interpretación durante a misión.

1.d) Os gastos de consultoría externa especializada no mercado obxectivo. Tanto a consultoría previa como a que se preste durante a misión para información do mercado e para a preparación de axendas de encontros e entrevistas.

1.e) Os gastos de envío e, se é o caso, de retorno de catálogos, produtos e outros materiais necesarios para a misión.

1.f) Os gastos de aluguer do espazo para presentacións, exposicións e/ou encontros empresariais.

2. Misións inversas:

2.a) Os gastos de viaxe e aloxamento dos representantes da participación estranxeira subvencionable (representantes de centros tecnolóxicos, prescritores técnicos, representantes de medios especializados de opinión e representantes de institucións públicas estranxeiras axeitados á finalidade que se persegue). Só gastos de avión, tren e autobús e gastos de hotel en réxime de aloxamento e almorzo.

2.b) Gastos de honorarios de 500 € por persoa e día de duración da misión, dun máximo de dúas persoas con formación e experiencia científica ou técnica de institucións académicas e/ou centros tecnolóxicos galegos.

2.c) Os gastos de servizos de interpretación durante a misión.

Contía e límites da axuda:

A contía por empresa e entidade participante na misión será:

-Misións con destino/orixe países pertencentes á OCDE: 80% de subvención sobre o gasto subvencionable, cun límite máximo de 4.500 € por participante para misións con destino/orixe Europa e 7.500 € por participante para misións con destino/orixe fóra de Europa.

-Misións con destino/orixe países non pertencentes á OCDE: 70% de subvención sobre o gasto subvencionable, cun límite máximo de 4.000 € por participante para misións con destino/orixe Europa e 7.000 € por participante para misións con destino/orixe fóra de Europa.

Os gastos de honorarios comprendidos nos números 1.b) e 2.b) do punto anterior non computan para efectos destes límites, e serán subvencionables ao 100% polo Igape.

O número de participantes para os efectos da contía máxima da axuda cóntase por entidade que viaxa non por número de persoas que viaxan.

Países integrantes da OCDE: Alemaña, Australia, Austria, Bélxica, Canadá, Corea, Dinamarca, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Luxemburgo, México, Noruega, Nova Celanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, República Eslovaca, Suecia, Suíza, Turquía e Xapón (www.oecd.org).

Condicións da convocatoria:

O Igape poderá, de consideralo oportuno, participar nestas misións.

Para os efectos do establecido no artigo 17.3º das bases reguladoras -no que concirne á obrigatoriedade de executar como mínimo o 50% do importe máximo do gasto subvencionable establecido na resolución de concesión-, nese límite do 50% para xustificar non se terá en conta o importe fixo de subvención aprobado en concepto de honorarios.

Para calcular o importe da subvención -tanto na fase de resolución como na fase de liquidación- aplicarase a porcentaxe de subvención sobre o importe máximo de gasto subvencionable solicitado/xustificado en función dos límites máximos de axuda correspondentes e á dita cifra sumaránselle os importes dos honorarios solicitados/xustificados, que non computan para os efectos dos límites máximos de axuda desta liña senón que se engaden a estes.

Nas misións directas deberán participar 5 ou máis empresas galegas. Enténdese por empresa galega aquela empresa que teña domicilio social ou algún centro de actividade radicado na Comunidade Autónoma de Galicia. No formulario de solicitude das misións tecnolóxicas directas deberá constar o número estimado de participantes na misión (empresas galegas, institucións académicas e/ou centros tecnolóxicos galegos e outros participantes do tipo dos citados na epígrafe beneficiarios), e na fase de liquidación farase acreditacion da participación definitiva.

Nas misións tecnolóxicas inversas, a participación do estranxeiro subvencionable estimada -detalle dos participantes previstos-, deberá constar no cuestionario previo de solicitude e a participación do estranxeiro subvencionable definitiva deberá acreditarse na fase de liquidación mediante certificación do solicitante da axuda. Non se establece número mínimo de empresas galegas involucradas na misión, no caso de misións inversas.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto por participante, incluíndo as copias das axendas de reunións.

-No caso de que nas misións participen persoas con formación e experiencia científica ou técnica de institucións académicas e/ou centros tecnolóxicos galegos, deberase entregar coa solicitude de cobramento informe/s en sentido práctico -elaborados por estas persoas-, sobre as posibilidades de cooperación e transferencia de tecnoloxía aplicables en ambos os sentidos- en Galicia desde o estranxeiro e no estranxeiro desde Galicia- identificando as empresas susceptibles de cooperación entre si e o modo de cooperación proposto en cada caso.

-Calquera outra documentación que o Igape considere necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento.

8. Liña márketing, comunicación, imaxe e marca (procedemento IG172).

Finalidade da axuda: apoiar o lanzamento de produtos ou servizos novos ou xa existentes en novos mercados internacionais (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país), mediante plans de márketing, comunicación, imaxe e marca.

Beneficiarios: poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) Os consorcios de exportación con personalidade xurídica propia domiciliados en Galicia.

c) As asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas.

d) As agrupacións de polo menos catro persoas físicas ou xurídicas -non vinculadas previamente entre si, con domicilio ou algún centro de actividade radicado en Galicia-, que acaden un acordo formal e estable de cooperación no eido da internacionalización, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio

separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Neste último caso, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2010 ou, de ser o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas. Serán subvencionables as actuacións dirixidas a mercados estranxeiros para:

-Creación de marcas de empresas de Galicia así como, se é o caso, asistencia xurídica.

-Definición do nome, logotipos, imaxe en formato dixital, marca e asesoramento na imaxe corporativa para á súa adaptación aos mercados internacionais.

-Elaboración de plans de márketing dirixidos ao estranxeiro.

-Realización de plans de márketing dixital co obxecto de optimizar a presenza da empresa na internet para abordar novos mercados internacionais. Análise dos recursos TIC da empresa e utilización destes para abordar novos mercados internacionais. Deseño dun software específico para a elaboración dun plan de promoción internacional.

-Difusión e divulgación con fins promocionais realizadas a través de campañas ou insercións en medios de comunicación, sempre que a súa difusión se realice en novos mercados do estranxeiro.

-Elaboración de material promocional.

-Adaptación do produto e embalaxe a novos mercados estranxeiros.

Conceptos subvencionables:

-Gastos externos de consultoría e asistencia e gastos de contratación de axencias de comunicación e relacións públicas.

-Gastos de elaboración de material promocional: catálogos, fichas de produto, folletos e similares -en calquera soporte-, vídeos e catálogos web especializados, xustificando necesariamente o seu destino para accións de promoción internacional que conteñan información da empresa/s dos beneficiarios e que contribúan á divulgación e coñecemento dos seus produtos no estranxeiro.

Terán a consideración de gastos subvencionables todos os relativos ao deseño, elaboración, edición, tradución e impresión.

Non se subvencionará por ningún concepto o mesmo material promocional que xa se apoiara a través das bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización (resolución do director xeral do Igape do 9 de maio de 2008, DOG nº 92, do 14 de maio). Por mesmo material enténdese material exactamente igual ou con pequenas actualizacións.

-Publicidade: inclúe tanto a creatividade do material empregado para o mercado de destino, como a adaptación do xa existente a este, así como o custo da inserción en medios.

-Deseño e realización de páxinas web e portais de comercio electrónico, xustificando necesariamente o seu destino para accións de promoción internacional. Adaptación dos contidos da web a idiomas estranxeiros.

-Adaptación da etiquetaxe e embalaxe dos produtos á normativa e idiomas do mercado ou mercados internacionais obxectivo.

-Gastos de homologación, normalización, rexistro de patentes e marcas e asistencia xurídica no mercado internacional obxectivo, así como gastos de certificacións.

-Inversións inmateriais (transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, *know-how* ou coñecementos técnicos non patentados para entrar por primeira vez en novos mercados internacionais).

-Outras accións de natureza e finalidade similar ás anteriormente citadas poderán ser subvencionables, logo de aprobación do Igape.

Contía e límites de axuda: a subvención acadará os seguintes límites:

-50% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan empresas individuais cun límite máximo de 40.000 €.

-60% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers cun límite máximo de 75.000 €.

-O 75% do gasto subvencionable cun límite máximo conxunto de 60.000 €, para proxectos cuxos solicitantes sexan consorcios e agrupacións de empresas -das citadas na epígrafe beneficiarios-, formados por polo menos catro empresas.

Condicións da convocatoria:

Non serán subvencionables os proxectos referidos a mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país) onde o solicitante sexa exportador habitual (é dicir, que se dispoña de importador

ou carteira de clientes que sexan obxecto de exportación periódica e constante durante os últimos catro anos -incluído o ano da solicitude da axuda-, excepto que se trate do lanzamento de novos produtos ou servizos.

Só serán subvencionables os gastos de publicidade de consorcios, asociacións, consellos reguladores, clústers e agrupacións de empresas cando se trate de actuacións para abordar novos mercados cunha única marca común.

O material promocional e anuncios destinaranse unicamente á promoción de produtos e servizos galegos. O Igape non apoiará material promocional e anuncios que inclúan produtos ou servizos non producidos en Galicia.

Será subvencionable unha única solicitude desta liña por solicitante e convocatoria. No caso de distintas empresas do mesmo grupo empresarial e gama de produtos ou servizos só se admitirá unha solicitude do grupo empresarial.

Nesa única solicitude poderá solicitarse axuda para diversas actuacións das citadas como subvencionables nesta liña, e incluso para actuacións en varios mercados.

Documentación específica desta liña para entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-No caso de facturas por material promocional, debe consignarse claramente nas mesmas o idioma en que foi realizado o dito material.

-Documentación da publicidade realizada.

-Copia dos traballos de consultoría e asistencia externos.

-Calquera outra documentación que o Igape estime necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento.

9. Liña prospección internacional (procedemento IG173).

Finalidade da axuda: apoiar a prospección comercial en novos mercados do estranxeiro e nos mercados *duty free* de España e do estranxeiro, previa a unha posible implantación comercial estable.

Beneficiarios. Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas:

a) As empresas que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.

b) As asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas galegas.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 30 de setembro de 2011 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Actuacións de promoción a través de oficinas de promoción, espazos e salas de exhibición localizados fóra de España, de cara a favorecer o lanzamento de produtos ou servizos galegos en novos mercados, ou para estudar as posibilidades de expansión mediante implantación comercial en novos mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país).

Prospección en mercados *duty free*.

Estudo de posibilidades de implantación fóra de España vía subscrición a unha oficina virtual no país obxectivo.

No caso de constituírse unha sociedade no estranxeiro, a maioría do capital debe ser de empresas galegas, salvo que, por imperativo legal do país de implantación, se exixan participacións inferiores, o que deberá quedar suficientemente acreditado ante o Igape. En todo caso, non se subvencionará a participación non galega no proxecto.

Conceptos subvencionables: terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes gastos do proxecto en destino durante un máximo de 12 meses comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 30 de setembro de 2011:

-Gastos de servizos profesionais externos: xurídicos, contables, gastos de tradución, financeiros, fiscais, e traballos de gabinetes de comunicación específicos para estas actuacións.

-Aluguer de locais cando a actividade do proxecto subvencionable o xustifique.

-Gastos de aluguer de espazo, tanto en *corners* en grandes almacéns ou tendas especializadas, como exposicións noutros lugares (*show rooms*, feiras e semellantes). E gastos de aluguer de espazo promocional en mercados *duty free*.

-Para aqueles solicitantes que, previamente á súa implantación definitiva, decidan realizar a súa actividade de prospección dentro de centros de empresas ou en viveiros de empresas, subvencionarase o custo do aluguer ou cota correspondente (queda excluído calquera centro de negocio de carácter oficial ou subvencionado: Igape, oficinas comerciais da embaixada española, cámaras de comercio...).

-Cota de subscrición á oficina virtual.

Contía e límites de axuda. A subvención acadará os seguinte límites:

-50% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan empresas individuais cun límite máximo de 30.000 €.

-60% do gasto subvencionable de proxectos cuxos solicitantes sexan asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers cun límite máximo de 50.000 €.

Condicións da convocatoria:

Non serán subvencionables os proxectos referidos a mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país) onde o solicitante sexa exportador habitual, é dicir, que se dispoña de importador ou carteira de clientes que sexan obxecto de exportación periódica e constante durante os últimos catro anos -incluído o ano da solicitude da axuda-, excepto que se trate do lanzamento de novos produtos ou servizos.

No cuestionario de solicitude debe achegarse o plan de actuación previsto.

Será subvencionable unha única solicitude desta liña por solicitante e convocatoria. No caso de distintas empresas do mesmo grupo empresarial e gama de produtos ou servizos só se admitirá unha solicitude do grupo empresarial.

Nesa única solicitude poderá solicitarse axuda para diversas actuacións das citadas como subvencionables nesta liña, e incluso para actuacións en varios mercados.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-Calquera outra documentación que o Igape estime necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento.

10. Liña primeira implantación promocional conxunta no exterior-Plan Primex (procedemento IG158).

Finalidade da axuda: este programa está dirixido a empresas galegas que acaden un acordo de cooperación entre elas para aunar esforzos, compartir custos e, se é o caso, estratexia e marca para introducirse por primeira vez en novos mercados internacionais, especialmente nos países emerxentes de alto crecemento para o lanzamento de produtos ou servizos galegos en novos mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país).

Así mesmo, coa mesma finalidade de cooperación, para a introdución en novos mercados internacionais, apoiaranse as accións que realicen os organismos intermedios beneficiarios para os seus asociados que participen no proxecto baixo as regras de funcionamento que establezan co organismo intermedio beneficiario.

Beneficiarios. Poderán presentar solicitudes:

1. Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro:

1.1. As agrupacións de polo menos tres empresas -non vinculadas previamente entre si e con domicilio ou algún centro de actividade radicado en Galicia-, que se comprometan a crear unha sociedade de promoción comercial dos seus produtos no país de destino, entendendo como tal unha sociedade con personalidade xurídica propia ou calquera tipo de agrupación empresarial admitida en dereito no país de destino.

Conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

1.2. Os consorcios domiciliados en Galicia e con personalidade xurídica independente formados polo menos por tres empresas galegas -non vinculadas previamente entre si e con domicilio ou algún centro de actividade radicado en Galicia-, que se comprometan a crear unha filial no estranxeiro para a promoción comercial dos seus produtos no país de destino.

2. Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro:

2.1. Asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), de carácter eminentemente empresarial que representen un colectivo de empresas -con domicilio social ou algún centro de actividade en Galicia-. Sempre que o obxectivo sexa a exposición e promoción comercial dos produtos das empresas asociadas.

As agrupacións de asociacións e consellos reguladores non vinculados previamente entre si, poderán ser beneficiarios sempre que acaden un acordo formal para a realización deste tipo de accións e nomeen un/unha deles/as representante legal perante o Igape para a solicitude da axuda.

Neste segundo caso, conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolu-

ción de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

En ambos os casos deste punto 2.1., o solicitante debe identificar ás empresas que participen no proxecto. O número mínimo de empresas galegas que deberán comprometerse no proxecto será de cinco.

2.2. As agrupacións de polo menos tres empresas -non vinculadas previamente entre si e con domicilio ou algún centro de actividade radicado en Galicia-, que se comprometan a establecer de forma conxunta un centro de promoción comercial no estranxeiro.

Conforme o artigo 8.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberanse facer constar na solicitude e na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios e, en calquera caso, deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Requisitos dos beneficiarios de ambos tipos de proxectos:

-A non vinculación previa implica que unha empresa socio non pode ter participación do capital doutra empresa socio, nin dúas empresas socio poden ter un accionista común maioritario. Ademáis, dúas empresas socio non poden ter antes da solicitude de axuda un mesmo representante legal ou administradores comúns.

-Admitirase a existencia no proxecto de socios non galegos ou socios con vinculación previa pero as ditas partes non recibirán axuda do Igape. No caso de vinculación previa, só un dos socios vinculados terá dereito á subvención, que será ademais o que se compute para efectos de contabilizar o número mínimo de socios do proxecto.

-Admítese a participación dun socio financeiro (entidade financeira, de capital risco, xerente do consorcio, etc.) español ou estranxeiro. A parte do socio financeiro non recibirá axuda por parte do Igape.

-A maioría das empresas participantes nos proxectos deben ser pequenas e medianas empresas galegas -segundo a definición da Comisión Europea-, non vinculadas previamente entre si. Así mesmo, en caso de constituír unha sociedade no estranxeiro, a maioría de capital debe corresponder a empresas ou a organismos intermedios galegos e ningún socio da sociedade en destino poderá deter a maioría do capital, salvo disposicións legais no de destino que o impidan, o que deberá quedar suficientemente acreditado ante o Igape.

Proxectos subvencionables: actuacións para realizar entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de agosto de 2013 ou, se é o caso, dentro do prazo fixado mediante resolución nas convocatorias sucesivas destas axudas.

Serán subvencionables os seguintes proxectos:

Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro: os proxectos de prospección promoción e primeira implantación conxunta de empresas galegas no estranxeiro, que teñan uns obxectivos de cooperación semellantes, para afrontar en destino unha estratexia de promoción comercial que beneficien a todas elas.

Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro: os proxectos desta natureza teñen por obxectivo dar a coñecer e promocionar produtos e servizos de empresas galegas amparadas baixo unha ou varias denominacións de orixe, un clúster ou unha ou varias asociacións, sendo estes organismos intermedios os aglutinantes da estratexia e das accións comúns (beneficiarios 2.1.). Na resolución de concesión poderán establecerse condicionantes de publicidade como *made in Galicia* e semellantes.

Os proxectos propostos por agrupacións de empresas individuais (beneficiarios 2.2.) teñen por obxecto facilitar a loxística de transporte, a exposición, e almacenaxe en destino, reducindo custos e incentivando a un conxunto de empresas que por si soas atoparían importantes barreiras para acceder aos mercados internacionais; malia isto, cada empresa poderá manter a súa autonomía respecto das accións que estime máis convenientes aos seus obxectivos.

Conceptos subvencionables:

Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro: serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento da sociedade que se constitúa no país de implantación durante como máximo os dous primeiros anos de funcionamento desde a data da súa constitución (e en todo caso como data límite ata o 31 de agosto de 2013):

Gastos de estrutura:

a) Gastos de constitución: escrituras, inscricións, permisos administrativos, licenzas e outros gastos que se realizan unha soa vez ao comezo da actividade.

b) Gastos de persoal: soldos e salarios do xerente e persoal relacionado coa actividade promocional da

sociedade en destino, así como as cotizacións á Seguridade Social e seguros de asistencia médica naqueles países onde non exista un sistema público obrigatorio de cobertura médica. É preciso que exista un contrato laboral, xa sexa fixo ou eventual. Exclúense de xeito xeral comisións, gastos de representación e de axencia.

c) Gastos de servizos profesionais externos: gastos que estean directamente relacionados coa constitución e o funcionamento administrativo da sociedade ou filial en destino (xurídicos, contables, gastos de tradución, financeiros, fiscais).

d) Alugueres: aluguer de locais cando a actividade promocional o xustifique.

e) Para aqueles solicitantes que, previamente á súa implantación definitiva, decidan realizar a súa actividade dentro de centros de empresas ou en viveiros de empresas, subvencionarase o custo do aluguer ou cota correspondente (queda excluído calquera centro de promoción de negocios do Igape no estranxeiro que, de dispoñer de espazo, será gratuíto durante o primeiro ano).

Gastos de promoción relacionados co país de implantación:

a) Material de promoción: elaboración (impresión, reprodución e tradución) de catálogos, folletos, carteis, páxinas web (non se inclúen os gastos de mantemento destas) e demais material informativo impreso ou audiovisual e expositores punto de venda. Un exemplar de cada material impreso ou audiovisual deberá achegarse no momento da xustificación do gasto.

b) Publicidade: creatividade do material e custo de compra de espazos publicitarios en medios do país obxecto da acción promocional. Deberá achegarse documentación da publicidade realizada no momento da xustificación do gasto.

c) Accións promocionais/promocións puntos de venda: gastos externos inherentes á presentación de produtos, promocións, catas, *show rooms* e exposicións en *corners* de grandes almacéns ou tendas de prestixio (espazos dedicados en exclusiva á marca e que conten con decoración diferenciada do resto das marcas situadas nese local).

d) Feiras: soamente para participación en feiras do país de implantación. Inclúense o aluguer de espazo e a decoración do *stand*.

e) Viaxes relacionadas co proxecto: viaxes de representantes da sociedade ou filial en destino a Galicia así como dentro do país onde estea a sociedade ou filial. Só son subvencionables os gastos de avión, tren e autobús e gastos de hotel en réxime de aloxamento e almorzo. A subvención máxima por este concepto non superará os 6.000 € por ano.

Outros gastos relacionados co país de implantación:

Gastos de homologación, normalización, rexistro de patentes e marcas e asistencia xurídica no mercado internacional obxectivo, así como gastos de certificacións.

Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro:

1. Para unha ou conxuntamente varias asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (beneficiarios do apartado 2.1. serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento do centro de promoción no estranxeiro durante como máximo os dous primeiros anos de funcionamento desde a data da súa posta en marcha (e en todo caso ata o 31 de agosto de 2013):

a) Aluguer do local para o centro de promoción.

b) Os gastos de aluguer do inmobilizado adecuado para o funcionamento do centro de promoción.

c) Soldos e salarios dun promotor e dun encargado do centro, así como as cotizacións á Seguridade Social e seguros de asistencia médica naqueles países onde non exista un sistema público obrigatorio de cobertura médica. É necesario que exista un contrato laboral, xa sexa fixo ou eventual. Exclúense de xeito xeral comisións, gastos de representación e de axencia.

d) Gastos de axencia especializada de comunicación, deseño, impresión e realización de campañas promocionais conxuntas. Accións promocionais/promocións puntos de venda: gastos externos inherentes á presentación de produtos, promocións, catas, *show rooms* e exposicións en *corners* de grandes almacéns ou tendas de prestixio.

e) Feiras: soamente para participación en feiras do país de implantación. Inclúense o aluguer de espazo e a decoración do *stand*.

2. Para agrupacións de polo menos tres empresas, (beneficiarios 2.2.), serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento do centro de promoción no estranxeiro durante como máximo os dous primeiros anos de funcionamento desde a data da súa posta en marcha (e en todo caso ata o 31 de agosto de 2013).

a) Aluguer do local para o centro de promoción.

b) Os gastos de aluguer do inmobilizado adecuado para o funcionamento do centro de promoción.

c) Soldos e salarios do encargado do centro, así como as cotizacións á Seguridade Social e seguros de asistencia médica naqueles países onde non exista un sistema público obrigatorio de cobertura médica. É necesario que exista un contrato laboral, xa sexa fixo ou eventual. Exclúense de xeito xeral comisións, gastos de representación e de axencia.

Contía e límites da axuda: a subvención acadará as seguintes porcentaxes sobre os conceptos subvencionables:

Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro:

a) Se a implantación é en Brasil, Rusia, India, China ou México, a axuda será do 40% do gasto subvencionable.

b) Se a implantación é noutro país estranxeiro distinto dos anteriores, a axuda será do 35% do gasto subvencionable.

Estas porcentaxes incrementaranse nun 5% por cada empresa galega participante na agrupación ou consorcio (excluído, se é o caso, o socio financeiro) a maiores do número mínimo requirido de 3 empresas galegas. As porcentaxes incrementaranse ata acadar un máximo dun 15% adicional ás porcentaxes a) e b) anteriores.

Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro:

1. Para asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers:

a) Se o proxecto é en Brasil, Rusia, India, China ou México, a axuda será do 45% do gasto subvencionable.

b) Se o proxecto é noutro país estranxeiro distinto dos anteriores a axuda será do 40% do gasto subvencionable.

Estas porcentaxes incrementaranse nun 6% por cada organismo intermedio galego adicional que participe no proxecto. As porcentaxes incrementaranse ata acadar un máximo dun 24% adicional ás porcentaxes a) e b) anteriores.

2. Para agrupacións de empresas:

a) Se a implantación é en Brasil, Rusia, India, China ou México, a axuda será do 35% do gasto subvencionable.

b) Se a implantación é noutro país estranxeiro distinto dos anteriores a axuda será do 30% do gasto subvencionable.

Estas porcentaxes incrementaranse nun 3% por cada empresa galega participante na agrupación ou consorcio (excluído, se é o caso, o socio financeiro) a maiores do número mínimo requirido de 3 empresas galegas. As porcentaxes incrementaranse ata acadar un máximo dun 15% adicional as porcentaxes a) e b) anteriores.

Límites da axuda: (sen que se excedan os pertinentes límites *de minimis*)

Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro:

-O límite máximo de axuda por proxecto en que participe o número mínimo de tres empresas galegas será de 160.000 €/ano, e por cada empresa adicional, incrementarase o límite anterior en 30.000 €, ata acadar un límite máximo conxunto de 250.000 €/ano.

A subvención máxima polo concepto de viaxes non superará os 6.000 € por ano.

Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro:

-Para beneficiarios 2.1.-Asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers, o límite máximo da axuda por proxecto será de 100.000 €/ano cando a solicitude a realice un só beneficiario. Cando a solicitude sexa conxunta de máis dun beneficiario incrementarase en 50.000 €/ano por beneficiario ata acadar un limite máximo conxunto de 325.000 €/ano.

-Para beneficiarios 2.2.-Agrupacións de polo menos tres empresas galegas, o límite máximo de axuda por proxecto para o mínimo de tres empresas será de 80.000 €/ano, por cada empresa adicional, incrementarase o límite anterior en 25.000 €, ata acadar un límite máximo conxunto de 155.000 €/ano.

Condicións da convocatoria:

Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro:

-Condicións comúns aos beneficiarios do proxecto tipo I:

*O prazo para a constitución sociedade ou filial en destino é de catro meses desde a data en que se notifique a resolución de concesión da axuda.

*A sociedade ou filial en destino contará cun xerente en exclusiva, independente das empresas socio, excepto se o xerente forma parte do consorcio como socio financeiro. O xerente deberá estar nomeado no prazo máximo de catro meses desde a data en que se notifique a resolución de concesión da axuda.

*As facturas xustificativas dos gastos deberán ser de terceiros contra a sociedade en destino, non contra as empresas beneficiarias. Non se admitirá a autofacturación, isto é, facturas emitidas por unha empresa participante no proxecto.

-Condicións referidas aos beneficiarios citados no punto 1.1. da epígrafe beneficiarios -agrupacións de empresas-que se comprometan a crear unha sociedade en destino:

*O solicitante considerarase que representa ante o Igape a todos os partícipes para os efectos de cumprir coas obrigas derivadas da súa condición de beneficiario, así como para a xustificación e o pagamento da subvención.

*A sociedade en destino deberá estar formada, como mínimo, por tres empresas socio con produto ou servizo propio.

Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro:

O prazo para a posta en marcha do centro de promoción no estranxeiro é de catro meses desde a data en que se notifique a resolución de concesión da axuda.

O solicitante considerarase que representa ante o Igape a todos os partícipes para os efectos de cumprir coas obrigas derivadas da súa condición de beneficiario, así como para a xustificación e pagamento da subvención.

As facturas xustificantes do gasto poderán estar xiradas e pagadas a nome da sociedade creada en destino, ou ben a nome dos beneficiarios en Galicia. Abrirase para tal efecto unha conta bancaria onde se rexistrarán todos os movementos referidos exclusivamente a gastos en que se incorren polo proxecto en destino.

Os produtos que se promocionen a través do centro deberán ser producidos en Galicia.

Condicións para ambos tipos de proxectos:

Non serán subvencionables os proxectos referidos a mercados (países ou zonas xeográficas determinadas dentro dun país) onde o solicitante sexa exportador habitual (é dicir, que se dispoña de importador ou carteira de clientes que sexan obxecto de exportación periódica e constante durante os últimos catro anos -incluído o ano da solicitude da axuda-, agás no caso de que se trate do lanzamento de novos produtos ou servizos).

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa acreditación de condicións: a partir da data de constitución da sociedade en destino ou posta en marcha do centro de promoción no estranxeiro o beneficiario dispón dun prazo máximo dun mes para acreditar ante o Igape o cumprimento das condicións establecidas nesta resolución. Para isto deberá achegar a seguinte documentación en orixinal ou copia cotexada:

Proxectos de tipo I, primeira implantación conxunta no estranxeiro:

1. Escritura de constitución e estatutos, se é o caso, inscritos no correspondente rexistro da sociedade en destino (tradución xurada ao castelán).

2. Contrato de traballo do xerente da sociedade en destino (os contratos deberán achegarse con tradución xurada para o galego ou castelán).

3. Certificación do representante legal da beneficiaria (agrupación ou consorcio que solicitou a axuda) de que: 1) A sociedade en destino desempeña con normalidade a súa actividade. 2) A composición do capital da sociedade en destino, se non viñese detallado nas escrituras.

Entenderase realizada a implantación cando estea formalmente constituída a sociedade en destino. Considerarase como data de constitución a que figure na escritura ou acta de constitución.

Proxectos de tipo II, centros de promoción no estranxeiro:

1. Contrato de traballo do encargado do centro (o contrato deberase presentar con tradución xurada para o galego ou castelán).

2. Certificación do representante legal do beneficiario/os de que o centro en destino desempeña con normalidade a súa actividade.

Documentación específica desta liña que se debe entregar coa solicitude de cobramento: ademais da documentación común para todas as liñas indicada no artigo 16 das bases, para esta liña terase que presentar -en función dos conceptos subvencionables aprobados-, en orixinal ou copia cotexada:

-Informe de execución e resultados do proxecto.

-En relación ás facturas xustificativas dos gastos, estas deberán ser dos terceiros contra a sociedade en destino, ou contra a sociedade en destino ou empresas asociadas no caso dos proxecto tipo II. Non se admitirá a autofacturación, isto é, facturas emitidas por unha empresa asociada contra a sociedade ou asociación en destino.

-Gastos de persoal: nóminas do persoal da sociedade en destino, copia do seguro concertado, copia do contrato de traballo e os demais xustificantes dos gastos de persoal adecuados á lexislación do país.

-Alugueiros: factura do gasto e, se é o caso, copia do contrato de aluguer.

-Material de promoción: un exemplar de cada tipo de material impreso ou audiovisual.

-Publicidade: documentación da publicidade realizada.

-Feiras: fotografía do *stand* en que se aprecien claramente os logotipos da Xunta de Galicia e do Igape.

-Certificación bancaria da existencia e número de conta en España en que vaia ser ingresada a subvención. No caso de solicitantes que sexan agrupación de empresas ou organismos intermedios, o pagamento realizarase nas contas bancarias individuais que cada beneficiario indique ou nunha soa se así o acordan todos os beneficiarios.

-Calquera outra documentación que o Igape estime necesaria para a correcta análise da solicitude de cobramento.

En relación co idioma dos documentos (excepto os que deben achegarse coa acreditación de condicións), se están en inglés ou francés non é necesaria tradución; se están noutro idioma distinto dos anteriores, será necesaria tradución simple para o castelán ou galego, acompañada dunha certificación do xerente/director da sociedade en destino ou do representante designado polos beneficiarios de que se trata dunha tradución fiel e completa do idioma de orixe para idioma de destino.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

*ANEXO II*

IGAPE

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***AXUDAS DO IGAPE Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS*** | ***IG637A*** | ***SOLICITUDE*** |

## DATOS DO/A SOLICITANTE

| ENTIDADE | CIF / NIF |
|---|---|
| | |

| ACTIVIDADE | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

| NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL | DNI |
|---|---|
| | |

| DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE | PROVINCIA |
|---|---|
| | |

| CONCELLO | LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

## SOLICITUDE PARA (sinalar só un recadro)

- ☐ IG156 – Liña seminarios internacionalización.
- ☐ IG151 – Liña planificación exterior.
- ☐ IG171 – Liña participación en eventos expositivos internacionais celebrados en Galicia.
- ☐ IG110 – Liña participación en eventos expositivos e promocionais internacionais celebrados fóra de Galicia.
- ☐ IG123 – Liña misións comerciais directas.
- ☐ IG124 – Liña misións comerciais inversas.
- ☐ IG154 - Liña misións tecnolóxicas directas e inversas.
- ☐ IG172 – Liña márketing, comunicación, imaxe e marca.
- ☐ IG173 – Liña prospección internacional.
- ☐ IG158 – Liña primeira implantación promocional conxunta no exterior (Plan Primex).

**Non debe entregar NINGUNHA DOCUMENTACIÓN á parte desta solicitude,** e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes e o código de comprobación.

| IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS | CÓDIGO DE COMPROBACIÓN |
|---|---|
| | |

*O /A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (http://tramita.igape.es) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.*

☐ **Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática** (Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet http://tramita.igape.es, logo de identificación mediante certificado).

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas cales o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela.
- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos.
- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.
- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Resolución do 6 de abril de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica á internacionalización das empresas galegas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.*

SINATURA E SELO DO/A SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL

*Lugar e data*

______________________, de ______________ de ________

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

____________________

DATA DE ENTRADA

_____ /_____/_______

DATA DE EFECTOS

_____ /_____/_______

DATA DE SAÍDA

_____ /_____/_______

*Presidente do Igape*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

*ANEXO III*

IGAPE

**SOLICITUDE DE COBRAMENTO**
**Axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas**

| EXPEDIENTE |
|---|
| |

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN

| TITULAR | | | NIF |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO | | | TELÉFONO |
| DATA RESOLUCIÓN | IMPORTE SUBVENCIONABLE APROBADO (EUROS) | SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS) | DATA DE REMATE DO PRAZO DE VIXENCIA |

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación.

| IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS | CÓDIGO DE COMPROBACIÓN |
|---|---|
| | |

O/A solicitante declara que obtivo nos servizos web do Igape (http://tramita.igape.es) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante da presente solicitude de cobramento.

*Nota: Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.*

Don/Dona ______ con DNI nº ______ ,

actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

**EXPÓN:**

Que no período comprendido entre o ______ e o ______ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de ______ euros. Os ditos gastos, cuxa relación se fixo constar no cuestionario electrónico de liquidación a que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, de ser o caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa.

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución de concesión da axuda.

E por todo iso,

**SOLICITA:**

Que lle sexa aboada á empresa ______ , de acordo coa xustificación achegada, o importe de ______ euros, ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

______ , ______ de ______ de ______

(Sinatura do representante)

*NOTA: a documentación deberase presentar en orixinal ou copia cotexada*